



**FÁTIMA DE SOUZA, Rosa, CELESTE FILHO, Macioniro, MIGLIO DE MESQUITA, Ilka (2022). *História e memória da educação rural no século XX*. São Paulo: Editora Acadêmica, 490 pp. ISBN: 978-65-86546-52-1.**

A grandeza territorial, a diversidade e o dinamismo socio-cultural, así como a presenza extraordinaria do mundo rural no Brasil, en colisión co abigarrado, dinámico e complexo mundo urbano, por unha parte, e o protagonismo das administracións federal, *estaduais* e municipais, co auxilio de numerosas e diversas iniciativas sociais, por outra, interveñen na plasmación histórica das redes de escolas primarias rurais ao logo da extensa xeografía brasileira. Parece ter chegado a hora do estudo, da investigación e das aproximacións históricas a esta realidade escolar, co gallo de observar como se ten procesado, e como

desde os varios pasados tal realidade escolar marca o presente educacional deste 'continente'.

As historiadoras e historiadores da educación do Brasil veñen insistindo no seu estudo no tempo das tres últimas e máis recentes décadas e fano con achegas que, sobre todo, atenden ás décadas finais do século XIX e ao acontecido ao longo do século XX.

Deste modo, estamos diante dunha obra colectiva de investigación histórico-educativa que vén sinalar un punto de chegada se, en particular, nos referimos ao período que vai dos anos trinta até case os oitenta do século XX: esta obra presenta un acúmulo revisado de investigacións, de informacións e de tomas de sentido sobre aquilo que ten ocorrido no dominio da educación rural. Será pois, de aquí adiante, unha obra de referencia, dada a súa pertinente claridade conceptual e metodolóxica.

Baixo a dirección cimeira da profesora Rosa Fatima de Souza, acompañada do profesor Macioniro Filho e da profesora Ilka de Mesquita, foi movilizao un amplo equipo de análise, formado por 27 investigadores e investigadores pertencentes a 18 institucións universitarias de todo o Brasil, de norte a sur e de este a oeste, de modo a ser capaces de proxectar a mirada sobre 13 dos Estados que o compoñen. O equipo contou ademais co asesoramento internacional da experta e profesora mexicana Oresta López Pérez.

Tal como se indica nas orellas das capas, e eu acredito, a obra examina a configuración da educación rural nun tempo de rápidas transformacións nas relacións entre as cidades e o campo, na procura

de comprender os procesos de escolarización, os modelos educativos e as políticas emprendidas, a formación, a profesionalización e as condicións laborais do maxisterio rural, os referenciais externos das políticas públicas relativas e as prácticas de transmisión cultural.

A tales efectos, o conxunto das e dos investigadores mobilizaron amplas e diversas fontes históricas, entre elas, relatorios governamentais, estatísticas, lexislación educacional, documentos relacionados/derivados de recomendacións internacionais e expolios de significativos actores, ademais de concederlle un singular protagonismo ás fontes orais. Tomando, por outra parte, en consideración notábeis fontes secundarias e o estado da investigación.

Responde, como igualmente se pon de relevo, a unha continuada liña de traballos multidisciplinares desenvolvidos ao longo de máis dunha década por unha parte das persoas implicadas. “Enfrenta desafíos conceptuais, metodolóxicos e de fontes de investigación”: problematiza a historia da escola rural mediante o ollar e a voz dos máis de corenta profesoras e profesores entrevistados e efectúa o cruzamento de fronteiras rexionais, permitindo a conexión do rexional, o nacional e os referentes internacionais; a través dalgunhas das súas máis expresivas páxinas podemos observar a circulación de modelos para a educación rural.

Catro grandes apartados articulan o conxunto: Un balance bibliográfico sobre a educación rural brasileira; o exame dos referenciais externos e da circulación de modelos sobre esta educación; as políticas seguidas con respecto á formación,

validación, profesionalización e condicións de traballo das e dos docentes rurais, e, por fin, un estudo sobre memorias e representacións desta realidade da educación rural na voz dos docentes. Cada un destes catro apartados ramifícase en diversos capítulos complementarios entre si.

Os balances bibliográficos analizan a presenza do tóxico educación rural nos Anais e Actas dos Congresos da Sociedade Brasileira de História da Educação entre os anos 2000 e 2017; a produción de traballos de Master e de Teses de doutoramento sobre a temática no mesmo período, así como a presenza nas revistas e periódicos de educación máis recoñecibles por parte da comunidade académica no Brasil.

O apartado referido aos referenciais e á circulación de modelos ábrese á consideración e estudo do “movimento pela ruralização do ensino”, baixo o impulso do educador Sud Mennucci, que sostivo unha considerábel comunicación con educadores doutros países; estuda a consistencia da posta en marcha do Curso Normal Rexional, en canto á creación de Escolas Normais Rurais por diversos Estados do Brasil, con seus programas específicos e un significativo alcance; aborda tamén as conexións mexicanas e brasileiras a través da incidencia do CREFAL (Centro Regional de Educación Fundamental para América Latina) e a influencia das orientacións da UNESCO con respecto á educación nos contextos rurais nos pasados anos de 1960-70.

No terceiro grande apartado estúdase a política docente seguida en diversos Estados como Piauí, o Mato Grosso, Paraná, Pernambuco e Paraíba. No apartado final, o que dín “os papeis”, por unha parte, é

sometido ao contraste da historia oral e das memorias de vida, para mellor percibir as culturas e as efectivas prácticas escolares así como as tensións entre o prescrito e as narrativas de vida..

Alén do escenario social e académico brasileiro, a comunidade de investigadoras e investigadores sociais e do campo da historia da educación apreciará, en particular, as ricas achegas realizadas nesta obra sobre a política de educación nos contextos rurais mexicanos, no marco da Revolución Mexicana, coa súa incidencia no caso brasileiro; a influencia das orientacións da UNESCO e a pegada do “ruralismo pedagóxico”.

No marco das transformacións sociais mexicanas, abría as súas portas en 1971 o CREFAL, o Centro Regional de Educación Fundamental para América Latina, como un centro de formación e de debate sobre políticas socio-culturais para o mundo rural latinoamericano, preocupado pola erradicación do analfabetismo, pola educación de adultos e pola transformación social democrática, que andando o tempo tamén incorporaría os significados do desenvolvemento comunitario.

O CREFAL, asentado nas orientacións de Dewey sobre educación e democracia, suscitaba cursos e encontros e creou distintos materiais didácticos sobre a base da teorización do que debía ser unha “educación fundamental” (pax. 196); chegou a ser considerado unha referencia de éxito e un modelo en relación coa educación rural para toda América Latina; a el accederon diversos técnicos e educadores do Brasil, entre eles Lourenço Filho, quen trasladou varios dos seus programas ao Brasil, se ben mediante unha apropiación técnico-

pedagóxica destes programas, con detrimento do contido político e ideolóxico orixinal.

O capítulo titulado “A educación rural delineada por organismos internacionais...”, referido á influencia das orientacións da UNESCO e da OEA (pp. 231-267), trasládanos o modelo de educación rural idealizada por parte destes organismos internacionais, concebida sobre todo polos economistas tecnócratas asesores da UNESCO (entre outros, Louis Malassis, Frederick Harris Harbison e Jacques Hallak), mais tamén os debates suscitados no seo destes organismos, ao ser diferente as visións doutros expertos, como os economistas ligados á CEPAL (Comisión Económica para América Latina e as Caraibas) e os do Comité de Acción Cultural da OEA. Debates que en Brasil se traduciron como propostas desenvolvimentistas do campo desde o Ministerio de Planejamento, por unha parte, e por outra, as dos educadores presentes no Conselho Federal de Educación de orientación social-democrata.

Pola súa parte, a investigadora Agnes Lara Domingos Moraes detense no estudo da correspondencia internacional sostida polo educador e responsable da Administración Sud Mennucci, sendo ela mesma autora dunha monografía específica sobre este educador<sup>1</sup>, que lle permitiu revisar e anotar todo o seu rico arquivo persoal, podendo así examinar a constitución histórica e as características (conservadoras) do movemento de educación rural que Mennucci promoveu e aínda revisar a noción

<sup>1</sup> Domingos Moraes, A. I. (2022). *Ruralização do ensino: as ideias em movimento e o movimento das ideias (1930-1950)*. São Paulo: Cultura acadêmica.

de “ruralismo pedagógico”. O movemento pola ruralización educativa evidenciado á altura de 1930 postulaba un Brasil de vocación agrícola fronte á urbanización e á industrialización, indo aí encontrou do pensamento educacional do Estado Novo (1937-1945). Un movemento que tipo plasmacións específicas e un eco internacional non menor, en particular, desde os EUA, dando lugar a varios programas de cooperación técnica internacional.

Chegamos aquí, logo, a expresar unha valoración positiva desta obra colectiva, informativamente rica e valorativamente ben peneirada, da qu podemos extraer algunhas declaradas constatacións:

- A educación rural foi pouco debatida polos organismos gubernamentais brasileiros, que partían da secundarización do medio rural e dunha visión tradicional, que non pretendía a transformación social democrática, senón a fixación de poboación nos contextos rurais, a fin de evitar as problemáticas suscitadas pola crecente urbanización.
- A investigación permitiu construír unha cartografía das Escolas Normais Rurais no período de 1946 a 1971, ao tempo de revelar a súa efímera traxectoria, se ben que os Cursos Normais Rexionais favoreceron, en particular, a escolarización de poboación adolescente.
- Existiu unha considerábel asimetría rexional con respecto á actuación dos poderes políticos estaduais.
- Rexístrase unha ampla participación da iniciativa particular, sobre todo das congregacións católicas, así como a implicación relevante dos municipios.
- As recomendacións internacionais, tanto da UNESCO, como da OEA (Organización dos Estados Americanos), con respecto á educación nos contextos rurais, orientadas (non de modo uniforme) polo ideario desenvolvimentista, incidiron nas políticas públicas brasileiras de educación.
- O presente estudo contribúe a perfilar mellor a relevancia da figura excepcional que foi o educador, o administrador e o político Lourenço Filho. Filho, bulto presente na realidade pedagóxica e escolar brasileira desde os anos vinte, foi, baixo o goberno de carácter ditatorial de Getulio Vargas, responsábel da formulación dos dispositivos legais que posibilitaron a creación do Curso Normal Rexional no contexto da corrente do “ruralismo pedagógico” e esta obra achéganos información contrastada sobre a súa relación, en particular co CREFAL e coa OEA.
- Constituíuse un rico acervo de fontes orais en relación coas 43 entrevistas semiestruturadas realizadas a outros tantos profesores rurais encadrados en nove dos Estados do Brasil, que se pon ao alcance das e dos investigadores.
- O estudo fai avanzar a observación da educación rural como obxecto de investigación histórica

e de coñecemento, e contribúe a redimensionar a historia da escola e da profesión docente. Ademais, contribúe á construción e prservación da memoria e do patrimonio educativo rural brasileiro.

Cabe parabenizar ao equipo promotor desta investigación e ao conxunto de investigadoras e investigadores que o construíron.

*Antón COSTA RICO*